

UNIDADE 5. ACTIVIDADES PARA AUTOAVALIACIÓN.

Πράξις 1:

1. A partir dos seguintes xenitivos de singular, escribe o nominativo e acusativo de singular e o acusativo e dativo de plural:

Αἰθίοπος	etíope
Ἄραβος	árabe
Ὀπός	voz
Κύκλωπος	ciclope

2. Analiza e traduce:

φλέβας
γῦπες
Αἰθιόπων
ὀψί
τοῦ κύκλωπος
Ἄραβι.

3. Pon en grego:

dos árabes
para un ciclope
para as veas
dun voitre
dos voitres.

4. Traballaremos coas palabras que usamos como modelo e, ademais, coas seguintes:

ἡ ἀλώπηξ, ἀλώπηκος	raposa
ὁ κήρυξ, κήρυκος	heraldo
ὁ ἄνθραξ, ἄνθρακος	carbón
ἡ κλίμαξ, κλίμακος	escaleira
ὁ θώραξ, θώρακος	coiraza
ἡ σάλπιγξ, σάλπιγγος	trompeta
ἡ φόρμιγξ, φόρμιγγος	lira

Analiza e traduce:

ἀλώπεκες

κλιμάκων

φύλαξι

τῷ κήρυκι

σάλπιγγας

τοῦ φόρμιγγος

ἀνθρακα

Πράξις 2:

5. Analiza e traduce:

φιλοῦμεν, δηλοῦσι ἐτιμῶμεν, τιμᾶς, ἐδηλοῦτε, τιμᾷ

6. Cambia de número as formas do exercicio anterior.

Πράξις 3

7. Quen eran os logógrafos?

8. Que é un periplo?

Πράξις 4

9. Quen foi o artífice da hexemonía de Tebas?

10. Quen tomou o poder en Macedonia á morte de Filipo II?

Πράξις 5:

11. Que significaba literalmente *anfiteatro*? E *anacoreta*?

12. Á vista dos exemplos da unidade, que elementos gregos formarían a palabra *diálogo*?

SOLUCIONARIO

πράξις 1:

1. A partir dos seguintes xenitivos de singular, escribe o nominativo e acusativo de singular e o acusativo e dativo de plural:

Αἰθίοπος: Αἰθίοψ, Αἰθίοπα, Αἰθίοπας, Αἰθίοψι

Ἄραβος: Ἄραψ, Ἄραβα, Ἄραβας, Ἄραψι

Ὀπός: Ὀψ, Ὀπα, Ὀπας, Ὀψί

Κύκλωπος: Κύκλωψ, Κύκλωπα, Κύκλωπας, Κύκλωψι

2. Analiza e traduce:

φλέβας: **Ac. Pl. unhas veas**

γῦπες: **N / Voc. Pl (uns) voïtres**

Αἰθιόπων: **Xen. Pl. Duns etíopes**

Ὀψί: **Da. Pl. Para unhas voces**

τοῦ κύκλωπος: **Xen. Sing. Dun ciclope**

Ἄραψι: **Da. Pl. Para uns árabes**

3. Pon en grego:

dos árabes τῶν Ἀραβῶν

para un ciclope κύκλωπι

para as veas ταῖς φλεψί

dun voitre γυπός

dos voïtres τῶν γυπῶν

4. Traballaremos coas palabras que usamos como modelo e, ademais, coas seguintes:

ἡ ἀλώπηξ, ἀλώπηκος raposa

ὁ κῆρυξ, κήρυκος heraldo

ὁ ἄνθραξ, ἄνθρακος carbón

ἡ κλίμαξ, κλίμακος escaleira

ὁ θώραξ, θώρακος coiraza
ἡ σάλπιγξ, σάλπιγγος trompeta
ἡ φόρμιγξ, φόρμιγγος lira

Analiza e traduce:

ἀλώπεκες: **N/Voc. Pl. raposas**

κλιμάκων: **Xen. Pl. Dunhas escaleiras**

φύλαξι: **Da. pl. Para uns gardiáns**

τῷ κήρυκι: **Da. Sing. Para o heraldo**

σάλπιγγας: **Ac. Pl. trompetas**

τοῦ φόρμιγγος: **Xen. Sing. Da lira**

ἄνθρακα: **Ac. Sing. Carbón**

πρᾶξις 2

5. Analiza e traduce:

φιλοῦμεν: **1ª pl. presente indicativo: amamos**

δηλοῦσι: **3ª pl. presente indicativo: mostran**

ἐτιμῶμεν: **1ª pl. imperfecto indicativo: honrabamos**

τιμᾶς: **2ª sing. presente indicativo: honras**

ἐδηλοῦτε: **2ª pl. imperfecto indicativo: mostrabades**

τιμᾷ: **3ª sing. presente indicativo: honra**

6. Cambia de número as formas do exercicio anterior

φιλῶ, δηλοῖ, ἐτίμων, τιμᾶτε, ἐδήλους, τιμῶσι

πρᾶξις 3

7. Quen eran os logógrafos?

Historiadores locais, na súa maioría xonios, dos séculos VI e V a. C., autores de descrições de fundações de cidades, feitos locais, xenealoxías de familias influentes e relatos de viaxes.

8. Que é un periplo?

A descripción de viaxes mariños para facilitar as viaxes dos navegantes e informar da situación de cada un dos lugares.

πρᾶξις 4

9. Quen foi o artífice da hexemonía de Tebas?

Epaminondas, despois de derrotar aos espartanos en Leuctra.

10. Quen tomou o poder en Macedonia á morte de Filipo II?

O seu fillo, Alexandre Magno

πρᾶξις 5

11. Que significaba literalmente *anfiteatro*? E *anacoreta*?

Anfiteatro: *que pode ser visto desde ambos lados.*

Anacoreta: *que se retira.*

12. Á vista dos exemplos, que elementos gregos formarían a palabra *diálogo*?

διὰ: a través de + λόγος: palabra = *A través da palabra*